4.5. Ocio e cultura

Este capítulo trata de plasmar a situación da cultura e ocio en Galicia a través do estudo das denominadas magnitudes transversais e dos dominios culturais. As magnitudes transversais son todas aquelas operacións estatísticas que afectan a diferentes sectores culturais; e, os dominios culturais ou magnitudes sectoriais son aquelas que representan un conxunto común de actividades económicas e sociais que tradicionalmente son consideradas de natureza cultural, tales coma os bens culturais, libros e publicacións periódicas ou artes musicais, entre outras.

Indicadores transversais

Estes indicadores informan sobre as características básicas transversais aos diferentes sectores ou actividades culturais: emprego, sector empresarial, financiamento e gasto público en cultura, gasto e consumo cultural nos fogares, propiedade intelectual e turismo cultural.

- **Emprego e empresas culturais**

Os indicadores harmonizados europeos de emprego vinculado á cultura por país, sitúan a España cunha porcentaxe de emprego cultura sobre o total de emprego do 3,6%, porcentaxe inferior que a rexistrada de media na UE-27 (3,8%) para o ano 2022, último dato dispoñible. Segundo os datos do Ministerio de Cultura y Deporte o número de persoas ocupadas en actividades cunha dimensión cultural en Galicia ascendeu no último ano a 37.400 persoas, o que representa o 3,3 % do emprego total e o 5,2% do emprego cultural do conxunto do Estad (**cadro 4.5.1.**).

No ano 2023, en relación ao ano anterior, aumenta o emprego cultural en Galicia, nun 2,5% (900 persoas máis), un crecemento notablemente inferior ao rexistrado de media no Estado que acadou un incremento interanual do 4%.

Ademais do emprego cultural hai que ter en conta tamén a evolución no número de empresas recoñecidas co Directorio Central de Empresas (DIRCE), cuxa principal actividade económica atópase relacionada co ámbito da cultura, en concreto: actividades vinculadas a bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión así como as artísticas e de espectá-

Emprego cultural 2019-23 (1)

	Galicia		España		Galicia / España
	(miles)	*(% sobre total emprego)*	*(miles)*	*(% sobre total emprego)*	*(%)*
2019	34,1	3,1	710,2	3,6	4,8
2020	34,8	3,2	668,1	3,5	5,2
2021	34,7	3,2	690,8	3,5	5,0
2022	36,5	3,3	695,3	3,4	5,2
2023	37,4	3,3	723,3	3,4	5,2

(1) ocupados de máis de 16 anos que desenvolven ocupacións culturais, considerando estas como aquelas actividades profesionais cunha dimensión cultural como por exemplo escritores, artistas, arquiveiros, bibliotecarios, actividades de edición, cinematográficas, de video, radio, tv, actividades artísticas e de espectáculos e outras, con independencia da actividade principal do empregador

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte e INE, *EPA*

4.5.1.

Empresas culturais nas CC.AA. 2019-2022: distribución segundo actividade económica principal (1) (2)

	2022		2021		2020		2019	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Total empresas	**7.184**	**133.083**	**7.075**	**128.741**	**7.158**	**132.203**	**7.033**	**127.581**
En determinadas actividades da industria e dos servizos	6.045	115.591	5.900	111.018	5.934	113.617	5.770	108.440
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras	239	5.025	238	4.927	237	4.950	223	4.772
Edición de libros, xornais e outras activ. edit.	296	6.960	303	6.990	314	7.260	329	7.459
Cinematografía, video, radio, tv, e outras activ. de edic. musical	420	10.755	394	9.928	377	9.695	375	9.606
Axencias de novas	2	65	3	65	3	75	3	75
Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos	2.858	50.232	2.800	47.760	2.826	49.122	2.631	44.862
Fotografía	830	14.221	814	13.595	790	13.961	808	13.320
Actividades de traducción e interpretación	468	10.193	448	10.007	453	10.466	448	10.158
Artes gráficas e reprod. de soportes grabados	714	14.024	701	13.806	719	14.071	752	14.285
Edición de videoxogos	3	180	4	172	3	151	-	111
Fabricac. de soportes, aparatos de imaxe e son e instr. musicais	39	438	33	413	33	412	31	405
Fabricación de artigos de xoiería e artigos similares	92	1.702	85	1.688	94	1.744	96	1.786
Educación cultural	84	1.796	77	1.667	85	1.710	74	1.601
En determinadas actividades do comercio e aluguer	1.139	17.492	1.175	17.723	1.224	18.586	1.263	19.141

(1) A partir de 2016 inclúense a Fabricación de artigos de xoiaría e artigos similares e a Edición de videoxogos (códigos 3212 e 5821 da CNAE 2009).

(2) O concepto de empresa utilizado no DIRCE foi reformulado polo INE, polo que a comparación de resultados de 2019 en adiante con periodos anteriores se restrinxe parcialmente.

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

4.5.2.

culos, entre outras. O Anuario de Estadísticas Culturales 2023 do Ministerio de Educación reflicte que o número de empresas culturais rexistradas a principios de 2022, último dato dispoñible, aumenta en relación á mesma data do ano anterior, acadando as 7.184 empresas, 109 máis que no ano anterior. O aumento no número e empresas culturais en Galicia foi do 1,5%, fronte a un crecemento medio estatal do 3,4%, o que determina o descenso nunha décima porcentual do peso das empresas galegas sobre o total acadando o 5,4% en 2022.

Atendendo á súa distribución segundo actividade económica principal, o **cadro 4.5.2.** amosa un descenso no número de empresas con actividades de comercio e aluguer (36 empresas menos) fronte ao incremento nas actividades da industria e dos servizos (145 empresas máis); dentro destas últimas salienta o incremento de 58 empresas dedicadas a actividades de deseño, crea-

Gasto público liquidado en cultura en Galicia e España 2020-21

		2021		2020	
		Galicia	España	Galicia	España
Total	*(en miles de euros)*	**113.637**	**1.536.431**	**91.858**	**1.355.075**
Gasto / gasto liquidado total	*(%)*	0,88	0,61	0,66	0,55
Gasto / PIB		0,18	0,13	0,16	0,12
Gasto / habitante	*(en euros)*	42,20	32,40	34,00	28,60
Actividades					
Bens e servizos culturais	*(en miles de euros)*	36.507	604.592	35.693	500.216
Artes plásticas e escénicas		9.864	246.600	5.985	231.118
Libro e audiovisual		3.333	53.574	592	43.840
Interdisciplinar e non distribuído		63.933	631.666	49.587	579.902

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales.*

4.5.3.

ción artísticas e de espectáculos, e de 26 empresas máis con actividades de cinematografía, vídeo, radio, TV, e outras actividades de edición musical.

En termos de variación interanual, o número de empresas culturais das actividades da industria e dos servizos culturais medra en Galicia un 2,5% (4,1% no conxunto do Estado) e as empresas centradas nas actividades de comercio e aluguer de bens culturais redúcense en Galicia un 3,1% respecto ao ano anterior fronte á caída do 1,3% en España.

As actividades da industria e dos servizos culturais abranguen o 84% das empresas culturais en Galicia (87% en España), destacando por número de empresas as dedicadas ás actividades de "deseño, creación, artísticas e de espectáculos", con 2.857 empresas (o 39,8% das empresas culturais galegas), así como as actividades de "fotografía", con 830 empresas (11,5%), e "artes gráficas e reprodución de soportes gravados", con 714 empresas (o 9,9% das empresas culturais).

• Financiamento e gasto público en cultura

Os datos para coñecer o financiamento da cultura en Galicia no ano 2021, último dispoñible, son proporcionados tendo en conta o punto de vista do financiador e non a do receptor, para o que distinguimos entre gasto público e gasto privado; así, considérase gasto público en cultura o gasto consolidado liquidado destinado á cultura, na súa fase de obrigas recoñecidas.

Os datos do Anuario de Estadísticas Culturales 2022 do Ministerio de Cultura y Deporte, recollen o gasto liquidado en cultura realizado pola Administración autonómica galega en 2021 (último dato dispoñible) que aumentou ata os 113,6 millóns de euros, o que supón o 7,4% do gasto no conxunto do Estado. En relación ao ano anterior, este gasto público en cultura aumentou en Galicia un 23,7% (21,8 millóns de euros) porcentaxe que representa un incremento máis intenso que o rexistrado de media en España no mesmo período (13,4%).

A porcentaxe do PIB do gasto liquidado en cultura e a porcentaxe sobre o gasto liquidado total do gasto liquidado en cultura, seguen a ser superiores en Galicia que no conxunto do Estado. Como reflicte o **cadro 4.5.3**., o gasto liquidado en cultura representa o 0,18% do PIB galego (0,13% no Estado) e o 0,88% do gasto liquidado total (0,61% en España). Por outra banda, cómpre mencionar que o gasto per cápita en Galicia aumenta ata os 42,2 euros, (8,2 euros máis que no ano anterior) importe novamente superior ao do conxunto do Estado, que acada os 32,4 euros (3,8 euros máis que no ano anterior).

Atendendo á desagregación do gasto segundo a activi-

Consumo cultural nos fogares en Galicia e España 2021-22

		2022		2021	
		Galicia	España	Galicia	España
Total		**662,8**	**11.356,2**	**616,3**	**10.773,5**
libros e publicacións periódicas	*(en millóns de euros)*	143,6	2.251,0	166,9	2.124,1
servizos culturais		96,6	1.968,2	49,9	1.362,4
equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento de información		201,9	3.469,1	203,9	3.707,1
telefonía móbil e servizos relacionados coa Internet		220,7	3.667,8	195,6	3.579,9
gasto / habitante	*(en euros)*	248,40	241,50	230,80	230,00
gasto / fogar		594,10	596,60	555,90	571,00

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, A*nuario de Estadísticas Culturales*

4.5.4.

dade principal á que vai dirixido, o sinalado incremento do gasto total ven explicado tanto pola evolución das actividades de "artes plásticas e escénicas", cun aumento do 64,8% (3,9 millóns de euros máis), como polo gasto nas actividades de " libro e audiovisual " cun aumento do de máis do 400% (2,7 millóns de euros), como polas actividades incluídas dentro do apartado "interdisciplinar e non distribuído", que presenta unha taxa de variación interanual do 28,9% (14,3 millóns de euros máis.

Tras esta evolución, o orzamento liquidado nas actividades de bens e servizos culturais ascende a 36.507 miles de euros, o 32,1% do total, sendo de 69.933 miles o gasto liquidado nas actividades interdisciplinares e non distribuídos (56,3%).

• Gasto e consumo cultural nos fogares

No ano 2022, a diferenza do que acontecía no ano anterior, aumenta en Galicia o gasto destinado a consumo de bens e servizos culturais por parte das familias, o que segue a mesma tendencia de incremento rexistrada no conxunto de España. Como se observa no **cadro 4.5.4.**, o gasto en consumo dos fogares galegos en cultura en Galicia aumenta un 7,5% en relación ao ano 2021, fronte ao incremento no conxunto do Estado do 5,4%, Tras esta evolución, o gasto en Galicia ascende a 662,8 millóns de euros, o que representa o 5,8% do consumo total en cultura nos fogares españois. As fortes tensións inflacionistas experimentadas no ano 2022 inciden tamén nun alza de prezos en ocio e cultura, cunha medra en Galicia do 3,1% fronte ao 3,8% en España.

No que respecta ao o gasto medio por fogar en cultura, este descende en 2022 ata os 594,1 euros en Galicia, 2,5 euros menos que a media estatal, o que a sitúa como a sétima Comunidade Autónoma con maior gasto tras Murcia, Illas Baleares, Madrid, Cataluña, A Rioxa e Aragón. En termos de gasto por habitante, o gasto medio ascende ata os 248,4 euros (241,5 euros en España), o que a coloca como a oitava C.A. con maior gasto per cápita, ascendendo dous postos en relación ao ano anterior.

No que respecta ao destino do gasto en consumo culturais dos fogares galegos, a partida máis importante é a destinada a "Telefonía móbil e servizos relacionados coa internet" que tras un incremento do 12,8% no ano 2022 acada en Galicia 220.7 millóns de euros, o 33,3% do consumo cultural total nos fogares en Galicia; o segundo destino de gasto en importancia son os "equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento da información" con 201,9 millóns de euros de gasto no ano 2022, o 30,5% do gasto en consumo cultural nos fogares galegos.

O gasto en libros e publicacións periódicas, con 143,6 millóns de euros de gasto en 2022, ten un peso relativo no total de gasto cultural do 21,7%, superior ao peso medio no Estado que é do 19,8%; tan só o gasto en li-

Dereitos de propiedade intelectual 2021-22 (1)

	2022	2021
Obras literarias e científicas		
Galicia	600	1.072
España	20.285	23.070
Obras musicais, cinematograficas e audiovisuais		
Galicia	152	271
España	4.482	5.705
Obras artísticas e técnicas		
Galicia	96	120
España	1.404	1.811
Outras		
Galicia	59	89
España	872	814
Total		
Galicia	907	1.552
España	27.043	31.400

(1) primeiras inscricións realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual; o dato total de España recolle a suma das inscricións no rexistro central e nos rexistros territoriais

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.5.

bros e publicación periódicas presenta un peso relativo en Galicia superior á do conxunto de España.

Analizando a evolución dos diferentes gastos respecto ao ano anterior, cómpre mencionar o incremento do 12,8% no caso do gasto en telefonía móbil, e os descensos do 14% (fronte ao incremento do 6% en España), nos gastos en libros, o gasto en equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento de información -1% (-6,4% en España); e, finalmente, o aumento do 93% no gasto en servizos culturais fronte ao incremento do 44% de media en España.

• Propiedade intelectual

A efectos deste análise a propiedade intelectual defínese como o conxunto de dereitos que corresponden aos autores e outros titulares respecto ás obras e prestacións froito da súa creación. A información sobre os dereitos de propiedade intelectual deriva dos datos proporcionados polas Entidades de Xestión así como da explotación estatística do Rexistro xeral da propiedade intelectual.

O número de primeiras inscricións de dereitos de propiedade intelectual redúcese de xeito importante no ano 2022, último ano dispoñible, tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Os datos do **cadro 4.5.5.**, mostra que na Comunidade Autónoma rexistráronse un total de 907 inscricións, 645 menos que no ano anterior, unha caída do 41,5% moito máis intensa que a rexistrada no conxunto do Estado, que foi do -14%. Esta evolución reduce a importancia relativa do número de inscricións realizadas no rexistro da propiedade intelectual en Galicia que pasan do 4,9% no ano 2021, ao 3,3% en 2022.

Desagregando por tipo de rexistro, a dita caída no número de rexistros esténdese a todos os dereitos de propiedade analizados. As obras literarias e artísticas reducen os seu número de rexistros nun 44% (-12% de caída media no conxunto do Estado); as obras musicais, cinematográficas e audiovisuais reducen os seus rexistros nun 43,9% (21,4% de caída media en España); as obras artísticas e técnicas caen un 20% en Galicia (-22,5% en España),e finalmente o apartado de “outros” tamén reduce o seu número de rexistros nun 33,7% en

Viaxes por motivos culturais de residentes 2020-23

	2020		2021		2022		2023	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Viaxes totais	4.824.312	101.523.862	7.447.102	142.893.461	8.728.595	171.388.138	9.214.253	185.895.163
Ocio, recreo e vacacións	1.709.501	47.748.862	2.795.183	69.090.482	3.445.179	88.420.215	4.029.273	96.590.985
Turismo cultural	139.047	4.751.908	358.577	8.575.274	755.964	16.429.491	717.219	17.729.025
Pernoctacións totais	20.883.629	493.409.224	25.405.699	626.172.389	31.687.158	745.821.861	32.381.201	802.083.174
Ocio, recreo e vacacións	8.940.399	255.916.934	10.263.496	331.156.019	12.191.449	401.088.806	14.628.245	438.137.137
Turismo cultural	549.477	18.284.446	1.323.082	32.958.720	2.482.546	67.241.210	2.933.904	75.796.877
Duración media das viaxes (días)	4,33	4,86	3,41	4,38	3,63	4,35	3,51	4,31
Ocio, recreo e vacacións	5,23	5,36	3,67	4,79	3,54	4,54	3,63	4,54
Turismo cultural	3,95	3,85	3,69	3,84	3,28	4,09	4,09	4,28

Fonte: INE, *Encuesta de turismo de residentes*

4.5.6.

Galicia, fronte ao incremento do 7,1% de media no Estado. Tras esta evolución, o 66,1% do total das inscricións rexistradas en Galicia corresponderon a obras literarias e científicas, seguidas das obras musicais, cinematográficas e audiovisuais, co 16,8%, e as obras artísticas e técnicas, cun 10,6%.

• Turismo cultural

A estatística utilizada para levar a cabo a análise do turismo cultural en Galicia é a *"Encuesta de turismo de residentes"* elaborada polo INE e que, como o seu título di, está exclusivamente limitada a residentes nacionais; polo que non temos información sobre o número de visitantes non residentes nacionais que visitan Galicia por motivos culturais, un segmento cada vez máis importante, tanto dende o punto de vista cuantitativo como cualitativo.

No concernente ao número de viaxes rexistrados como turismo por motivo cultural, realizados por residentes en Galicia en 2023, ascenderon a un total de 717.219 viaxes, un 5,1% menos que no ano anterior, establecéndose unha evolución diverxente coa media estatal, onde no último ano os viaxes con motivación cultural realizados por residentes medran nun 8%.

O 7,8% do total de viaxes realizadas polos galegos nese ano son por motivos culturais fronte ao 8,7% do ano anterior. No conxunto do Estado este peso relativo sitúase en 2023 no 9,5%, mesma porcentaxe que no ano anterior.

Xunto á redución no número de viaxes por motivos culturais por parte de residentes en España, prodúcese, un leve aumento da súa duración media en Galicia que se sitúa en 4,09 días fronte a duración media de 4,28 días no conxunto de España (**cadro 4.5.6.**).

O gasto medio por persoa dos residentes en Galicia cando realizan viaxes por motivos culturais aumenta en 2023 situándose nos 548 euros por persoa, o que supón 120,3 euros máis que no ano anterior, na mesma liña, tamén se incrementa o gasto diario dos residentes galegos en 3,7 euros, acadando os 134 euros.

No ano 2023, o gasto medio por persoa en turismo cultural dos residentes no conxunto do Estado foi superior ao realizado polos galegos. Dunha banda, o gasto medio en viaxes culturais foi de 607,9 euros por persoa, o que supón 70,3 euros máis que no ano anterior, aumentando así mesmo o seu gasto diario ata os 142,2 euros (131,4 euros no ano 2022). Se se considera tan só o seu gasto na C.A. galega, o gasto medio diario sitúase en 99,3 euros, 7,8 euros máis que no ano anterior.

Dominios culturais

Entendemos como magnitudes sectoriais concretas dos dominios culturais os bens de interese cultural, a acti-

Gasto nas viaxes por motivos culturais 2020-23

Residentes en Galicia

		Viaxes por destino			Turismo cultural		
		Total	Estranxeiro	Galicia	Total	Estranxeiro	Galicia
Gasto total							
2020	*(en miles de euros)*	813.237,1	154.665,3	375.730,6	64.267,6		
2021		1.391.688,9	281.323,2	595.914,6	146.661,2	64.736,1	17.973,1
2022		2.272.438,4	578.498,8	638.465,7	323.356,5	149.111,6	32.746,1
2023		2.557.124,9	800.974,6	716.329,4	393.070,1	224.970,9	27.226,9
Gasto medio por persoa							
2020	*(en euros)*	168,60	564,80	98,60	462,20		
2021		186,90	678,80	103,20	409,00	599,90	192,90
2022		260,30	753,30	110,80	427,70	556,50	174,00
2023		277,50	862,80	120,50	548,00	784,40	187,80
Gasto medio diario por persoa							
2020	*(en euros)*	38,90	105,80	24,50	117,00		
2021		54,80	89,10	37,40	110,80	119,50	85,40
2022		71,70	127,40	39,70	130,30	144,30	81,90
2023		79,00	144,90	43,40	134,00	168,90	69,40

Residentes nacionais

		Viaxes por destino			Turismo cultural		
		Total	Estranxeiro	Galicia	Total	Estranxeiro	Galicia
Gasto total							
2020	*(en miles de euros)*	21.135.056,8	3.576.611,4	1.091.586,3	1.921.801,0	790.193,3	110.081,3
2021		32.520.685,2	5.411.731,3	1.714.724,6	3.551.499,0	1.195.432,6	228.733,1
2022		50.292.009,7	14.860.148,6	2.337.966,9	8.832.443,8	4.962.392,2	334.910,8
2023		58.750.025,7	19.051.663,1	2.545.717,7	10.777.107,2	6.357.329,1	331.090,0
Gasto medio por persona							
2020	*(en euros)*	208,20	704,80	203,70	404,40	707,20	446,90
2021		227,60	751,00	206,00	414,20	736,50	484,30
2022		293,40	921,00	247,40	537,60	923,20	447,00
2023		316,00	987,60	258,90	607,90	1.029,00	463,40
Gasto medio diario por persoa							
2020	*(en euros)*	42,80	83,70	34,50	105,10	145,90	71,10
2021		51,90	78,60	48,80	107,80	137,10	89,70
2022		67,40	108,00	56,30	131,40	157,40	91,50
2023		73,20	120,20	58,40	142,20	172,40	99,30

Fonte: INE, *Encuesta de turismo de residentes*

4.5.7.

vidade da edición de libros e publicacións periódicas, as artes escénicas e musicais e, finalmente, os medios audiovisuais e interactivos.

- **Bens de interese cultural**

A Lei de patrimonio cultural de Galicia integra como parte do patrimonio cultural de Galicia a todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Os máis sobranceiros son recoñecidos como Bens de Interese Cultural (BIC), que se clasifican en bens mobles ou bens inmobles. Os bens inmobles poderán selo de forma individual ou ben como colección, e a súa declaración atenderá ás seguintes clases: monumento, conxunto e sitio histórico, xardín histórico e zona arqueolóxica.

Segundo a base de datos de patrimonio do Ministerio de Cultura y Deporte, que presenta información sobre os bens mobles e inmobles inscritos como Bens de In-

Bens mobles e inmobles inscritos como Bens de Interese Cultural (BIC) en Galicia e España 2021-22

	2022		2021	
	Galicia	España	Galicia	España
Bens Interese Cultural (BIC)	4.906	40.173	4.900	39.177
Bens inmobles	772	17.819	791	17.693
Monumento	674	13.980	643	13.842
Xardín Histórico	6	86	7	85
Conxunto histórico	50	984	50	985
Sitio histórico	20	451	71	484
Zona arqueolóxica	22	2.318	20	2.297
Bens mobles	4.134	22.354	4.109	21.484

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *CULTURABase*

4.5.8.

terese Cultural (BIC), no ano 2022, último dato dispoñible, o conxunto de bens inmobles inscritos ascendeu en Galicia a 772, 19 menos que no ano anterior. Como se amosa no **cadro 4.5.8.**, a súa meirande parte corresponden coa categoría de monumentos, con 674, o 87,3% do total, seguidos dos conxuntos históricos, que representan o 6,5% (50); as zonas arqueolóxicas, con 22 (2,8%); os sitios históricos con 20 (2,6%); e os xardíns históricos, cos 6 restantes (0,8%).

O número de bens mobles inscritos en Galicia no ano 2022 aumenta ata os 4.134 bens, (0,6% máis que no ano anterior), o que representa o 18,5% do total estatal.

• Artes escénicas e musicais

Os **cadros 4.5.9.** e **4.5.10.** mostran os principais indicadores das artes escénicas e musicais en Galicia e España. No ano 2022 mantense o mesmo número de editores en Galicia (3), fronte á perda de case o 30% do total de editores no conxunto do Estado. O número de obras musicais inscritas no *International Standar Music Number* (ISMN), redúcese de xeito moi notable, tanto en Galicia como a nivel estatal, aínda que aumentan o número de obras musicais inscritas en galego, que pasa das catro obras en 2021 a seis en 2022.

A pesar do forte descenso rexistrado no número de obras musicais, en 2022 aumenta o numero de espazos escénicos e o número de salas de concerto, pasando de 96 a 97 os espazos escénicos e de 62 a 64 as salas de concertos. Asemade, rexístrase un festival de teatro máis que no ano anterior, e mantense o número de festivais de danza, contando Galicia con 255 compañías de teatro (tres máis que no ano anterior) e con 81 compañías de danza, unha menos que en 2021.

No ano 2022 continúa a recuperación no número de representacións (**cadro 4.5.10.**), no número de espectadores e por tanto da recadación. En termos globais, as representacións aumentaron 20,7 %, o número de espectadores medrou nun 38,2%, incrementándose por riba do 37% a recadación.

En termos absolutos, en 2022 representáronse 6.342

Artes escénicas e musicais en Galicia e España 2021-22

	2022		2021	
	Galicia	España	Galicia	España
Obras musicais				
Editores	3	55	3	78
Obras inscritas (1)	12	415	22	2.554
en galego	6		4	
Espazos escénicos				
Número	97	1.756	96	1.748
Espazos/100.000 habitantes	3,6	3,7	3,6	3,7
Salas concertos				
Salas	64	1.300	62	1.290
Salas/100.000 habitantes	2,4	2,7	2,3	2,7
Compañías				
Teatro	255	4.590	252	4.500
Danza	81	943	82	932
Festivais				
Teatro	56	823	55	810
Danza	21	388	21	390

(1) Inscritas no ISMN

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.9.

Espectadores e recadación nas artes escénicas en Galicia e España 2021-22

		2022		2021	
		Galicia	España	Galicia	España
Representacións		6.342	154.005	5.252	111.661
obras teatrais		1.481	40.906	1.198	34.548
xénero lírico		13	722	9	527
danza		51	1.815	42	1.534
concertos música clásica		958	12.614	804	10.370
concertos música popular		3.839	97.948	3.199	64.682
Espectadores					
obras teatrais		174	6.679	126	5.143
xénero lírico	*(en miles)*	5	248	3	177
danza		16	509	13	410
concertos música clásica		147	2.731	89	1.587
concertos música popular		779	19.081	580	10.595
Recadación					
obras teatrais		2.330	130.638	1.520	95.202
xénero lírico	*(en miles de euros)*	66	10.291	42	6.816
danza		120	6.616	92	4.977
concertos música clásica		884	30.065	538	16.807
concertos música popular		9.355	228.327	7.071	116.641
Gasto medio espectador					
obras teatrais		13,4	19,6	12,1	18,5
xénero lírico	*(euros)*	13,2	41,5	12,3	38,6
danza		7,4	13,0	7,0	12,1
concertos música clásica		6,0	11,0	6,1	10,6
concertos música popular		12,0	12,0	12,2	11,0

(1) inclúe concertos de música clásica e concertos de música popular

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.10.

obras (1.090 máis que no ano anterior) ás que asistiron 1.121.000 persoas (310.000 máis que en 2021), o que supón o 4,1% e 3,8% do total estatal, respectivamente. A recadación aumenta ata os 12,7 millóns de euros, 3,5 millóns de euros máis que no ano precedente, o que supón o 3,1% do total en España. ❑